



PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO CONTAXIO DA COVID-19 COMEDOR ESCOLAR CEIP VIRXE DO CARME

INTRODUCCIÓN

Co inicio do curso 2020-2021 é necesario recuperar a normalidade na actividade escolar e no resto de actividades que se levan a cabo no centro escolar, entre as que se inclúe o comedor. Estas actividades deben desenvolverse adoptando tódalas medidas de precaución necesarias.

Tratando de crear contornas escolares saudables, elabórase o presente protocolo coa fin de recoller as medidas preventivas colectivas e individuais que se deben adoptar no comedor escolar dende o inicio do curso. Todo o conxunto de medidas establécese en función das recomendacións facilitadas polas autoridades sanitarias autonómicas e, por tanto, poden ser obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.

OBXECTIVOS

- ▶ Limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión do coronavirus.
- ▶ Identificar casos sospeitosos e seguimento dos contactos estreitos.
- ▶ Establecer unha guía de actuación para dar unha resposta eficaz no caso de identificación dalgún caso sospeitoso.

A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, perda do gusto ou olfato e dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus.

A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse alomenos a 1,5 metros de distancia dos demais ou uso de máscara se non se pode garantir esa distancia interpersonal de seguridade.

Estas gotículas poden caer sobre os obxectos e superficies que rodean á persoa, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcól, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.



ESTABLECEMENTO DE QUENDAS PARA O USO DE COMEDOR.

O uso do comedor escolar quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia, sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados. Ademais, o alumnado agruparase nas mesas por aulas, garantindo unha distancia de 1'5 metros entre cada grupo.

Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.

Estableceranse quendas trimestrais de rotación entre as coidadoras para a atención das mesas de tal xeito que a mesma coidadora se encargue da mesma mesa ou mesas durante os seguintes períodos escolares:

- ▶ Inicio curso – Nadal
- ▶ Xaneiro – Semana Santa
- ▶ Volta de Semana Santa – Fin de Curso

Respectaranse en todo momento as ratios que correspondan ao número de alumnos/as presentes.

Determinación dos lugares ocupados polos comensais.

Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza. Rexistrarase o lugar que ocupa cada un dos nenos, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

Entrada e saída do comedor.

O alumnado de infantil accederá ao comedor pola porta situada no patio de infantil. O resto do alumnado farao pola porta traseira do comedor. En ambos accesos disporase de xel hidroalcohólico e haberá unha coidadora que verifique que todos os alumnos fan uso del.

A saída do comedor farase de xeito escalonado pola porta situada no patio de infantil.

PREVISIÓN SOBRE O PERSOAL COIDADOR.

A coidadora, unha vez dentro do centro, realizará un lavado de mans de entre 40 e 60 segundos.

As coidadoras serán asignadas ás mesmas mesas trimestralmente, de tal xeito que a mesma coidadora se encargue da mesma mesa ou mesas durante os seguintes períodos escolares:

- ▶ Inicio curso – Nadal
- ▶ Xaneiro – Semana Santa
- ▶ Volta de Semana Santa – Fin de Curso



O persoal coidador ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se empreguen durante a actividade do comedor.

Haberá xel hidroalcohólico na entrada ao comedor e un coidador comprobará que os alumnos fan uso del segundo van entrando e saíndo.

A bata de traballo deberá ser cambiada e lavada diariamente.

É obrigatorio o uso de máscara durante o servizo de comedor. Cando haxa que axudar a comer a un alumno de infantil, as coidadoras farán uso dunha máscara FFP2.

MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os axentes vinculados directa ou indirectamente á actividade do comedor deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos.

A todas as coidadoras realizaráselle un test de cribado da COVID-19 e de ser o caso completarase o proceso diagnóstico de acordo co protocolo clínico, antes do inicio do curso.

De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre o persoal do comedor.

É obrigatorio usar máscara de protección en todo caso nas circulacións polos espazos comúns e nas entradas e saídas do comedor escolar.

É obrigatoria a hixiene de mans á entrada e saída do comedor.

No caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso de máscara no período entre ambos.

Non haberá nas mesas utensilios de uso común, tales como aceiteiras, cestos de pan, etc. A auga será servida sempre en cada mesa pola mesma coidadora.

No traslado dos alimentos respetaranse as pautas de seguridade alimentaria necesarias.

Todos os alumnos deberán facer uso da máscara durante toda a súa estancia no comedor, agás no momento de comer. Cando a coidadora se achegue para servir a comida, axudar a cortala ou para recoller as mesas, os comensais terán a máscara posta.

Medidas de desinfección e limpeza de superficies e material

- ▶ Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se mezclarán produtos diferentes.
- ▶ Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.



- ▶ Todo o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- ▶ Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie alomenos unha vez ao día.
- ▶ No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no comedor, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.
- ▶ Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.
- ▶ No caso de elementos que deban ser manipulados por diferente persoal, disporase de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- ▶ Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente no comedor, por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada e, ao finalizar a quenda de comidas.
- ▶ Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- ▶ Non se debe usar a función de recirculación do aire interior.
- ▶ A medida que se liberen as mesas, limpiaranse e desinfectaranse.
- ▶ O comedor limpiarase, polo menos, unha vez ao día, reforzando a limpeza dos espazos que o precisen en función da intensidade de uso (aseos onde será de polo menos dúas veces ao día). Prestarase especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, perchas, etc.

Recepción das comidas

- ▶ Limitarase o acceso do persoal da empresa de catering ao centro. A recepción de mercaderías realizarse no porche situado na entrada de dirección. O proveedor deixará os contedores coa comida na zona exterior da entrada de dirección e unha cidadadora introduciraos no centro coa axuda dun carro.
- ▶ Manterase a distancia de seguridade co proveedor e non se compartirá bolígrafo para asinar os partes de entrega.
- ▶ A eliminación das embalaxes realizarase na zona de recepción.
- ▶ O carro empregado para a entrada dos contedores desinfectarase inmediatamente despois do seu uso e antes de volver empregalo (para levar a comida ata as mesas, por exemplo).



COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

O persoal do comedor deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARSCoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro.

A enquisa non ten que comunicarse ao centro educativo, senón que deberase adoptar polo persoal as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a ausencia, se procede.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo I), a persoa afectada non acudirá ao centro educativo e inmediatamente dará coñecemento ao equipo COVID do centro. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.



ANEXO I

ENQUISA AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

Presentou nas últimas 2 semanas?:		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37'5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansanzo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		


De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas 2 últimas semanas?:	Cun caso confirmado de COVID-19		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?:	Cun caso confirmado de COVID-19		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19		




Uso do comedor


PROTOCOLO COVID-19



Alumnado separado por 1,5 m de distancia, sentado en oblicuo e sempre no mesmo posto.




Coa instalación de mamparas sobre o mesado non é preciso manter a distancia mínima.



Uso de máscaras nas entradas e saídas do comedor escolar, así como entre pratos.



Lavado de mans nas entradas e saídas do comedor escolar.



Poderanse establecer segundas e terceiras quendas.



CONCELLO DE BURELA



Mans seguras


PROTOCOLO COVID-19



Molla as mans con auga.




Pon na palma xabón suficiente para cubrir as mans.



Frega as palmas das mans entre sí entrelazando os dedos.



Aclara de novo as mans con auga.



Seca as mans e pecha a billa cun pano desbotable.




Uso da máscara


PROTOCOLO COVID-19



Lava ben as mans con auga e xabón ou hixienízaas con xel hidro-alcohólico antes de coller a máscara.



Colle a máscara polas bandas elásticas evitando tocar o tecido.



Pon a máscara sobre a cara cubrindo boca e nariz, axusta as tiras detrás das orellas e a pinza nasal.



Non quites a máscara para falar, tusir ou estornudar. Tampouco a apartes da boca e nariz.



Para retirar a máscara, volve collela polas bandas elásticas evitando tocar o tecido.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN